

NOVAS PENZOL

NOVIDADES DA FUNDACIÓN PENZOL

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#

RODOLFO PRADA CHAMOCHÍN




RODOLFO PRADA CHAMOCHÍN (Os Peares, 1892 - Buenos Aires, 1980). Dende 1919 —os seus restos descansan na súa terra natal— é recoñecido especialmente por ser a persoa de confianza de Castelao nos anos en que reside na Arxentina. Sen dúbida, correspondeuno con fidelidade e dilixencia. Mais a súa personalidade e a súa obra teñen forza e valía de seu no servizo ao galeguismo.

A súa vida desenvolveuse maiormente na Arxentina. En Mendoza viviu uns anos, dos 10 aos 18, coa familia. E, despois dun regreso temporal a Ourense, en 1911 instalouse definitivamente na Arxentina, primeiro en Mendoza e, finalmente, en Buenos Aires.

Coa súa chegada á capital (1918), comeza a destacar pola preocupación e o activismo nas causas galeguistas. Colabora, funda e dirixe medios de comunicación: *Acción Gallega*, *Correo de Galicia*, *Opinión Galeguista*, *El Orensano*, entre outros, contan dun xeito ou doutro coa súa colaboración. E participa en institucións esenciais para a diáspora galega, como o Centro Gallego de Buenos Aires.

No ano 1931 participa en Pontevedra na fundación do Partido Galeguista. E, de novo en Buenos Aires, é membro fundamental da ONRG. Durante a Guerra Civil española desenvolveu unha importante actividade de apoio á causa republicana, especialmente a través do Comité de Apoio ao Frente Popular.



Rodolfo Prada nun acto de homenaxe do Centro Galego de Buenos Aires a Bernardino Rivadavia

Dende 1938 mantén correspondencia e colaboración con Castelao. El é quen consegue o visado para fixar a residencia de Castelao na Arxentina e despois é o mediador entre o Consello de Galiza e o galeguismo do interior. Foi impulsor de GALEUZCA, encargouse da publicación de *Sempre en Galiza*, organizou as viaxes de Otero Pedrayo a Buenos Aires (1947 e 1959), por citar só unha mostra do seu incesante labor.

Nos arquivos Penzol e Fernández del Riego existe unha importantísima documentación, especialmente na Colección Xavier Castro e nos fondos Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo e Fernández del Riego, que son fundamentais tanto para o estudo da persoa e obra de Rodolfo Prada como para o do movemento galeguista e a diáspora galega en América.

Con este boletín queremos salientar a figura de Rodolfo Prada e a importancia dos fondos cos que contamos relacionados coa súa figura.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol na elaboración deste boletín e o da Editorial Galaxia na súa maquetación.

Saúdos cordiais

SILVESTRE GÓMEZ
Responsábel de *Novas Penzol*



FUNDACIÓN PENZOL

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 · VIGO

Teléf.: 986 227 459

CORREO-E:
fundacion.penzol@vigo.org

HORARIO PÚBLICO:
luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

AUTOR**MONOGRAFÍAS**

— “Encol da nosa Galiza: conferencia”. Montevideo: Irmandade Galeguista do Uruguay, 1935 (Talleres Gráficos Prometeo). **Sign.:** C-525/13.

— “Antolín Faraldo: conferencia pronunciada o día 22 de xullo do 1953 no Centro Galego de Bós Aires”. Bós Aires: Centro Betanzos, 1954. **Sign.:** C-207/14. Dedicatoria autógrafa do autor.

COLABORACIÓNS EN MONOGRAFÍAS COLECTIVAS

— “Unha carta longa de Rodolfo Prada a don Ramón Otero Pedrayo”, en Luís Cochón (edición, introdución e notas): *Cartas a Fermín Penzol: de Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey, Otero Pedrayo*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2013. Apéndice I. **Sign.:** 146/91.

— “Rosalía y el galleguismo”, en Xesús Alonso Montero (edición): *Galeuzca: Galiza - Euzkadi - Catalunya: escolma posible = ahalezko antologia = tria possible = antología posible*. Madrid: Akal Editor, 1976; pp. 49-60. **Sign.:** 26/234.

— “Trasalba”, en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia Universal*. Caracas: Centro Galego, 1958; p. 61. **Sign.:** FR-67/14.

COLABORACIÓNS EN REVISTAS

Boletín de la Real Academia Gallega. A Coruña. **Sign.:** SL-R-4B

— “Algunhas lembranzas encol de Castelao no vintecinco cabodano do seu pasamento”.

Tomo XXXII, número 357 (1975); pp.109-115.

Galicia. Buenos Aires. **Sign.:** RG-439

— “Rosalía e Castelao”. Número 604 (1975); pp. 44-47.


Galicia. Caracas. **Sign.:** SL-R-76

— “Teñamos o orgulo de falar en galego”. Número 1 (1952); p. 19.

Grial. Vigo. **Sign.:** SL-R-3.

— “Carta de Buenos Aires despois do pasamento de Castelao”. Tomo XIII, número 47 (1975); pp. 115-123.

— “Correspondencia con Rodolfo Prada”. Tomo XXIX, número 111 (1991); pp. 410-425.



Labor Gallega. Edición facsímile Santiago de Compostela. **Sign.: SL-R-49(1)**.

— “El Alaalaa”. Ano 2, número 2 (1915); pp. [8-9].

Lar. Buenos Aires. **Sign.: RG-143**

— “No centenario do patriota galego Antolín Faraldo”. Número 236-237 (1953); pp. 53-54.

Lérez. Buenos Aires. **Sign.: RG-233/20; ed. facs.: SL-R-91**.

— “Castelao e Pontevedra”. Ano 1962; pp. 92-93.

Loita. La Habana. Ed. facsimilar. Santiago de Compostela. **Sign.: SL-R-64(2)**.

— “Los mártires del Estatuto gallego”. Ano 2, número 7 (1940); p. 21.

Murguía. Santiago de Compostela. **Sign: RG-580**.

— “Carta de Daniel Castelao ao exiliado Rodolfo Prada”. Número 7/8 (2005); pp. 25-26.

Saudade. México. **Sign.: RG-126; ed. facs.: SL-R-74**.

— “Verbas do irmán Rodolfo Prada no segundo ano da morte de Castelao”. Número 5 (1952); pp. 26-27.

Terra e Tempo. Santiago de Compostela. **Sign.: RG-565**.

— “Carta de Castelao a Rodolfo Prada: un documento excepcional de Castelao (1947)” María Pilar García Negro. Número 137/140 (2006); pp. 98-130.

Unión Estradense. Edición facsímile, Santiago de Compostela. **Sign.: RPL-R-18**.

— “A muller estradense”. Número extraordinario (maio 1941); p. 6.

TRADUTOR

— “A ernia inguinal simple: seu tratamento quirúrxico”, Xosé Alexandre López; tradución de Xermán Quintela Novoa e Rodolfo Prada. Buenos Aires: Galicia, 1973. **Sign.: C-38/24**.



MATERIAIS DE ARQUIVO

ARQUIVO PENZOL

— Catálogo de la biblioteca gallega de don Rodolfo Prada (1950-1970). Sign.: CA-0164/005/017.

COLECCIÓN XAVIER CASTRO: EXILIO E DIÁSPORA

Correspondencia de Rodolfo Prada. Sign.: CA-0532/001.

- Cartas de Rodolfo Prada a Antón Alonso Ríos (1933): 2 cartas.
- Cartas de Antón Alonso Ríos a Rodolfo Prada (1933): 2 cartas.
- Correspondencia con Manuel Lugrís Freire (1934): 2 cartas.
- Carta de Rodolfo Prada a Xerardo Álvarez Gallego (1935).
- Cartas de Xerardo Álvarez Gallego a Rodolfo Prada (1935).
- Correspondencia con Manuel Meilán Martínez (1935-1939): 8 cartas.
- Carta de Ramón Obella a Rodolfo Prada (1936).
- Cartas de Ramiro Illa a Rodolfo Prada dende Porto (1937): 10 cartas.
- Correspondencia con Ramón Suárez Picallo e Johán Plá Fernández (1938): 5 cartas.
- Correspondencia co Servicio Español de Información (1937): 2 cartas.
- Texto de Ramiro Illa para a obra *Lo que han hecho en Galicia* (1938).
- Correspondencia de Rodolfo Prada con Florencio Delgado Gurriarán (1939): 5 cartas.
- Carta de Florencio Delgado Gurriarán a Rodolfo Prada (1939). Lista-xe dos refuxiados galegos localizados en Francia.
- Carta de Florencio Delgado Gurriarán e Ramiro Illa a Rodolfo Prada (1939).
- Cartas de Eduardo Blanco Amor a Rodolfo Prada (1937 e 1939): 2 cartas.
- Correspondencia con Xoán X. Plá Fernández (1937-1939): 19 cartas.
- Cartas de Consuelo Borges Rábago a Rodolfo Prada (1939): 3 cartas.
- Cartas de Rodolfo Prada a Consuelo Borges Rábago (1939): 3 cartas.
- Resguardo dunha transferencia de douscentos francos franceses a favor de Florencio Delgado Gurriarán.
- Carta de Manoel Gonda a Rodolfo Prada (1939).
- Correspondencia con Domingo Mateo (1939): 2 cartas.
- Correspondencia con Arturo Souto Feijoo (1939): 2 cartas.



Rodolfo Prada, c.a. 1950

- Carta de Primo Vázquez a Rodolfo Prada (1939).
- Correspondencia con Xosé Núñez Búa (1939-1940): 7 cartas.
- Correspondencia con Ramón Martínez López (a. 1940): 4 cartas.
- Correspondencia con Ramón de Valenzuela Otero (1940): 4 cartas.
- Carta anónima, insultante, contra o colectivo que se ocupa do Centro Gallego (1940).
- Carta de Antón Alonso Ríos a Rodolfo Prada sobre a composición dos órganos da Irmandade Galega de Buenos Aires (1943).
- Carta de Manuel Celso Garrido Rodríguez (1945).

Documentación. Sign.: CA-0533

- Documentación da Irmandade Galega.
- Organización Nazionalista Republicana Galega de Buenos Aires. Convocatorias, proxecto de estatutos, circulares.
- Documentación da Casa de Galicia.
- Documentación do Grupo de Buenos Aires do Partido Galeguista. Declaración e regramento (1940).
- Informe sobre a colectividade galega de Buenos Aires.
- Comunicado de Bieito Cupeiro, Moisés da Presa e Manuel Pedreira contra a xestión de Xosé Abreira, Manuel Puente e Rodolfo Prada (1963).
- Documentación do Centro Gallego de Buenos Aires. Correspondencia cos refuxiados en Francia (1939).
- Documentación do Instituto Argentino de Cultura Gallega.
- Documentación de Galeuzca (1941-1945).
- Documentación do Consello de Galicia (1962-1965).
- Documentación de Axuda á República e Víctimas da Guerra. Censo dos galegos da Frente Popular refuxiados en Francia, uns con enderezo (35) e outros en paradoiro descoñecido (37). Listaxe de refuxiados que se supoñen en Barcelona. Regulamento da Central Galega de axuda mutua ás vítimas. Liñas de organización de axuda á República.
- Documentación da Cámara de Comercio de la República Española en Argentina.
- Retallos de prensa (1936-1946).
- Documentación do Centro Gallego. Estatutos (1950). Actas (1952-1953). Memorias e balances (1953-1954).
- Libro de actas de Obreros Orensanos de Buenos Aires (1913-1917).
- Textos orixinais de Antonio Alonso Ríos: “Humanismo”; “Sesión de bioloxía”.




Bandeira do Consello de Galiza

FOTOGRAFÍAS

- Rodolfo Prada durante a viaxe por varios países hispanoamericanos (1944-1945). **Sign.:** FOT1-0019/035.
- Rodolfo Prada nun acto de homenaxe do Centro Galego de Buenos Aires (1960-1970). **Sign.:** FOT1-0019/036.

FONDO OTERO PEDRAYO

- Correspondencia con Ramón Otero Pedrayo (1947-1975): 27 cartas. **Sign.:** CA-0620/47.
- Tarxetas de Rodolfo Prada a Otero Pedrayo (1950-1973): 12 tarxetas. **Sign.:** CA-0641/47.
- Cartas de Otero Pedrayo a Rodolfo Prada (1969-1973): 3 cartas. **Sign.:** CA-0627/08.
- Copia da carta de Rodolfo Prada a Miguel Rey (1961). **Sign.:** CA-0638/093/001.
- Carta de Rodolfo Prada a José Barrio (1949). **Sign.:** CA-0638/093/002.
- Mecanoscrito de “O gaiteiro de Mar del Plata”, dedicado a Rodolfo Prada e asinado por X. N. P. **Sign.:** CA-0701/002/110.



FONDO RAMÓN PIÑEIRO

- Correspondencia de Rodolfo Prada con Ramón Piñeiro (1961-1980): 24 cartas. **Sign.:** CA-0286/3.
- Tarxetas de Rodolfo Prada a Ramón Piñeiro (1955-1974): 4 tarxetas. **Sign.:** CA-0360/12. — Correspondencia de Rodolfo Prada con Ramón Piñeiro (1957-1977) (doazón de Teresa García-Sabell): 24 cartas. **Sign.:** CA-0354/002.

FONDO CASTELAO

- Notas autógrafas de Rodolfo Prada. [s. d.]. **Sign.:** CA-0743/023.

FONDO RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

- Correspondencia de Rodolfo Prada con Ramón Martínez López (1963-1979). **Sign.:** CA-0148/006.

FONDO AVELINO POUSA ANTELO

- Fotografía de Rodolfo Prada con Avelino Pousa en Trasalba nos actos de entrega do Premio Trasalba.



Reproducción do gabinete de Ramón Piñeiro na Fundación Penzol

ARQUIVO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

CORRESPONDENCIA

- Correspondencia de Rodolfo Prada con Francisco Fernández del Riego (1946-1977). **Sign.: FR-CA-025/018.**
- Carta de Rodolfo Prada e Manoel Meilán, presidente e secretario da Organización Nazionalista Republicana Galega, remitida ao director de A Nosa Terra (1933). **Sign.: FR-CA-067/007/016.**
- Fragmentos dunha carta de Rodolfo Prada [1947]. **Sign.: FR-CA-068/002/034.**
- Carta de Francisco Fernández del Riego a Rodolfo Prada con envío dun informe a Castelao (1947). **Sign.: FR-CA-068/002/034.**
- Copia mecanografada da carta de Rodolfo Prada aos irmáns Cesáreo e Camilo Saco López (1948). **Sign.: FR-CA-244/003/015.**
- Borrador de carta de Ramón Piñeiro a Rodolfo Prada (1951). **Sign.: FR-CA-244/003/023.**



Enderezo

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 - VIGO
Teléf.: 986 226459

correo-e: fundacion.penzol@vigo.org
Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

Na rede

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#

 @Fundación Fermín Penzol

PRODUCCIÓN

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Maquetación: Hayat Husein